

Informe da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación relativo á transparencia no sector público autonómico de Galicia

Ano 2024

MARCO NORMATIVO

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno dispón no seu artigo 5.2 que a Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación que analizará e expoñerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública, con inclusión do número de solicitudes presentadas e das porcentaxes dos distintos tipos de resolución a que deron lugar.
- b) Os datos sobre a información máis consultada no Portal de transparencia e goberno aberto e sobre a máis solicitada a través do exercicio do dereito de acceso.

O artigo 35.2 da citada Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que a Xunta de Galicia, a través da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación prevista no artigo 31 desta lei, remitirá ao Valedor do Pobo o informe referido no artigo 5. Así pois, constitúe o obxecto deste informe dar a coñecer o balance global anual relativo ás estatísticas relativas ás visitas ao Portal de transparencia e goberno aberto como respecto da tramitación das solicitudes de acceso á información pública relativas ao funcionamento do sector público autonómico correspondente ao ano 2024.

O presente informe, aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación na súa reunión do 20 de maio de 2025, será remitido á institución do Valedor do Pobo e estará a disposición da cidadanía no Portal de transparencia e goberno aberto no seguinte enderezo web:
<http://transparencia.xunta.gal/portada>

PORTAL DE TRANSPARENCIA E GOBERNO ABERTO

Con data do 7 de marzo de 2016 entrou en vigor a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co obxectivo fundamental de facilitar á cidadanía unha maior cantidade de información da que dispoñían e máis da que establece a lexislación básica estatal. Deste xeito, Galicia converteuse na comunidade autónoma do conxunto do Estado español que máis obrigas asumiu a través da súa propia normativa autonómica.


Coincidindo coa entrada en vigor da nova lei, púxose en funcionamento o Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, co obxecto de dar cumprimento, entre outras, ás obrigas de publicidade activa previstas na normativa en materia de transparencia.

Desde a súa apertura o 7 de marzo de 2016, e ata o 31 de decembro de 2024, 1.531.329 usuarios visitaron o Portal realizando un total de **2.371.178 visitas**, nas cales foron **consultadas 6.219.456 páxinas**. Por tanto, en cada consulta, **visitouse unha media de 2,62 páxinas**.


O Portal de transparencia e goberno aberto contén 2.633 páxinas web nas que se poden visualizar 8.838 documentos. As páxinas máis visitadas foron:

TÍTULO DA PÁXINA	NÚMERO DE VISITAS A PÁXINAS
Normativa en tramitación (nos seus diferentes apartados/fases):	376.525
- En prazo de envío de suxestións	135.104
- Pendente de aprobación	101.375
- Aprobada e publicada no DOG	75.008
- Consultas abertas	65.038
Altos cargos da Administración xeral	323.289
Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19	267.755
Contías das retribucións	242.848

TÍTULO DA PÁXINA	NÚMERO DE VISITAS A PÁXINAS
Axenda institucional de altos cargos	190.543
Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa	96.390
Composición do goberno	76.503
Organigramas	75.835
Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico	66.484
Listas de selección de persoal interino ou temporal	60.970
Contratación pública	52.395
Contratos menores	45.268
Ofertas públicas de emprego	34.779



En relación cos dispositivos desde os cales se accede aos contidos do Portal, cómpre destacar que o deseño *responsive* do Portal é compatible coa navegación desde dispositivos móbiles, tal e como amosa a seguinte gráfica:




Evolución do número de visitas no período 2016-2024:

DATOS VISITAS PORTAL DE TRANSPARENCIA	NÚMERO									
	2016 ⁽¹⁾	2017 ⁽²⁾	2018 ⁽³⁾	2019 ⁽⁴⁾	2020 ⁽⁵⁾	2021 ⁽⁶⁾	2022 ⁽⁷⁾	2023 ⁽⁸⁾	2024 ⁽⁹⁾	TOTAL
Visitas	65.678	107.881	132.071	165.540	240.617	362.835	304.556	424.538	387.596	2.191.312
Páginas vistas	383.333	402.121	468.418	527.996	762.649	822.392	742.266	910.558	931.306	5.951.039


(9) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.

4

Visitas



Páxinas vistas



Comparativa das páxinas máis vistas no período 2016-2024

COMPARATIVA PÁXINAS MÁIS VISTAS NO PERÍODO 2016-2024	NÚMERO DE VISITAS									
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Normativa en tramitación (nos seus diferentes apartados/fases):	13.287	28.850	37.395	48.291	35.231	41.759	41.501	50.341	79.870	376.525
- En prazo de envío de suxestións	11.101	13.221	13.597	23.546	12.247	14.382	16.388	19.474	22.249	135.104
- Pendente de aprobación	9.404	11.219	13.285	13.272	8.650	9.475	9.682	11.385	15.003	101.375
- Aprobada e publicada no DOG	3.883	4.410	4.999	4.923	9.356	10.697	6.437	7.846	22.457	75.008
- Consulta pública previa*			5.514	6.550	4.978	7.205	8.994	11.636	20.161	65.038
Altos cargos da Administración xeral	17.592	15.726	17.842	18.771	31.764	27.746	27.931	30.902	135.555	323.289
Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19	---	---	---	---	119.819	119.238	24.911	2.903	884	267.755
Contías das retribucións do persoal	7.416	7.394	17.365	26.698	18.727	30.106	36.059	48.965	50.118	242.848
Axenda institucional de altos cargos	6.710	11.349	11.381	12.341	16.868	26.125	34.616	31.873	39.280	190.543
Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa	7.861	5.226	5.570	5.759	10.962	9.487	9.822	10.062	31.641	96.390
Composición do goberno	2.400	2.036	3.084	2.928	8.280	7.131	11.912	11.000	27.732	76.503
Organigramas	1.075	1.581	4.652	7.589	10.997	11.670	11.778	12.583	13.910	75.835
Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico	5.000	6.829	5.075	4.790	3.614	7.389	5.167	4.963	23.657	66.484
Listas de selección de persoal interino ou temporal	1.310	1.594	1.911	2.101	1.641	1.887	3.437	16.912	30.177	60.970
Contratación pública	7.387	4.442	6.259	5.364	6.412	7.056	6.481	3.669	5.325	52.395
Contratos menores	---	---	---	---	21.443	6.343	5.214	5.475	6.793	45.268
Ofertas públicas de emprego	2.828	3.536	4.245	4.367	4.129	4.337	2.825	3.809	4.703	34.779

(*) A consulta pública previa, no procedemento de elaboración de normativa, é un trámite posto en funcionamento a través do Portal de transparencia e goberno aberto en maio de 2017.

Dunha análise comparativa da evolución das visitas ao Portal de transparencia e goberno aberto, no período 2016-2024 é de salientar o seguinte:

A páxina *Altos cargos da Administración xeral* foi a máis visitada do Portal no ano 2024 (135.555 visitas). As visitas a esta páxina incrementáronse considerablemente con respecto ás visitas do ano 2023.

A segunda páxina máis visitada no 2024 foi *Normativa en tramitación* (79.870 visitas); tendo en conta as procuras realizadas nas distintas fases, *En prazo de envío e suxestións* (22.249), *Pendente de aprobación* (15.003), *Aprobada e publicada no DOG* (22.457) e *Consulta pública previa* (20.161). As visitas a esta páxina tamén medraron, cun incremento do 58,66 % con respecto ás visitas do ano 2023.

A terceira páxina con máis visitas no 2024 foi *Contías das retribucións* (50.118 visitas); esta páxina foi a cuarta con máis visitas no período de referencia 2016-2024.

Aumenta no 2024 con respecto ao 2023 o número de visitas ás páxinas *Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico*; *Altos cargos da administración xeral*; *Xefes/as de gabinete e de prensa*; *Encomendas de xestión*; *Composición do goberno*; *Orzamento cidadán*; *Listas de selección de persoal interino ou temporal*; *Normativa en tramitación*; *Contratación pública*; *Contratos menores*; *Ofertas públicas de emprego*; *Axenda institucional dos altos cargos*; *Organigramas*; *Participación*; *Contía das retribucións do persoal*.

Diminúe en 2024 con respecto a 2023 o número de visitas ás páxinas *Relacións de postos de traballo*; *Plans e programas anuais*; *Participación en plans e programas*; *Orzamentos da Comunidade Autónoma*; e *Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19*.

No ano 2024 incorporouse ao Portal de transparencia e goberno aberto un novo apartado/páxina. En xuño de 2024, coincidindo coa celebración da Semana da Administración Aberta, incluíuse a sección "Outros procesos participativos". Neste apartado a cidadanía pode acceder a outro tipo de procesos participativos non directamente vinculados á elaboración dunha norma xurídica ou plan ou programa de actuación.

SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA


Con respecto ás peticións de acceso á información pública, desde o 10 de decembro de 2015, data da entrada en vigor da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ata o 31 de decembro de 2024 recibíronse un total de 7.403 solicitudes de acceso á información pública: 233 no ano 2016, 796 no ano 2017, 723 no ano 2018, 746 no ano 2019, 1.077 no ano 2020, 1.389 no ano 2021 , 842 no ano 2022, 765 no ano 2023 e 795 no ano 2024.

Desagregación por departamentos no ano 2024

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS	
	2024	%
Presidencia da Xunta de Galicia	61	7,67 %
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	35	4,40 %
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	54	6,79 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	43	5,41 %
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático	25	3,14 %
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	22	2,77 %
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	53	6,67 %
Consellería de Política Social e Xuventude	2	0,25 %
Consellería de Política Social e Igualdade	21	2,64 %
Consellería de Economía, Industria e Innovación	33	4,15 %
Consellería de Economía e Industria	48	6,04 %
Consellería de Facenda e Administración Pública	53	6,67 %
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	16	2,01 %
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas	53	6,67 %

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS	
	2024	%
Consellería de Sanidade	104	13,08 %
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude	13	1,64 %
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	3	0,38 %
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	10	1,26 %
Consellería do Medio Rural	40	5,03 %
Consellería do Mar	106	13,33 %
TOTAL	795	100,00 %

Solicitudes presentadas por departamento. Ano 2024



Desagregación por departamentos no período 2016-2024:

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS										
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL	%
Presidencia da Xunta de Galicia	10	9	9	21	17	21	56	35	61	239	3,24 %
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ⁽¹⁾	33	543	318	131	105					1130	15,34 %
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ⁽²⁾					25	91	27			143	1,94 %
Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ⁽³⁾							168	132		300	4,07 %
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁴⁾								11	35	46	0,62 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ⁽⁵⁾					9	154	48			211	2,86 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁶⁾							47	58		105	1,43 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ⁽⁷⁾		0,00 %						20	43	63	0,86 %
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁸⁾									54	54	0,73 %
Consellería de Facenda ⁽⁹⁾	10	7	10	15	11					53	0,72 %
Consellería de Facenda e Administración Pública ⁽¹⁰⁾					3	35	83	112	53	286	3,88 %
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ⁽¹¹⁾	11	16	41	144	450	529	55	49		1295	17,58 %
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ⁽¹²⁾									25	25	0,34 %
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ⁽¹³⁾	12	42	59	92	109	178	55	34	16	597	8,10 %
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ⁽¹⁴⁾									53	53	0,72 %
Consellería de Economía, Emprego e Industria ⁽¹⁵⁾	10	6	33	46	18					113	1,53 %
Consellería de Economía, Industria e Innovación ⁽¹⁶⁾								15	33	48	0,65 %
Consellería de Economía e Industria ⁽¹⁷⁾									48	48	0,65 %

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS										
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL	%
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ⁽¹⁸⁾	44	54	21							119	1,62 %
Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ⁽¹⁹⁾			6	33	30					69	0,94 %
Consellería de Cultura e Turismo ⁽²⁰⁾			8	56	62					126	1,71 %
Consellería de Cultura, Educación e Universidade ⁽²¹⁾					12	100	25			137	1,86 %
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ⁽²²⁾							64	87	22	173	2,35 %
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ⁽²³⁾									53	53	0,72 %
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ⁽²⁴⁾									13	13	0,18 %
Consellería de Política Social ⁽²⁵⁾	6	5	29	3	21	19	9			92	1,25 %
Consellería de Política Social e Xuventude ⁽²⁶⁾							16	21	2	39	0,53 %
Consellería de Política Social e Igualdade ⁽²⁷⁾									21	21	0,29 %
Consellería de Sanidade	16	12	38	46	59	90	73	43	104	481	6,53 %
Consellería de Emprego e Igualdade ⁽²⁸⁾					4	23	2			29	0,39 %
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ⁽²⁹⁾							5	7	3	15	0,20 %
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ⁽³⁰⁾									10	10	0,14 %
Consellería do Medio Rural	13	17	62	68	73	74	31	48	40	426	5,78 %
Consellería do Mar	68	85	89	91	69	75	78	93	106	754	10,24 %
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	7.366	100,00 %

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza extingúese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(2) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo extingúese tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(3) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación extingúese tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

- (4) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (5) A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación extínguese tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (6) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes extínguese tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (7) A Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (8) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (9) A Consellería de Facenda extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (10) Nova Consellería tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (11) A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda extínguese tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (12) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (13) A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (14) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (15) A Consellería de Economía, Emprego e Industria extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (16) A Consellería de Economía, Industria e Innovación extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (17) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (18) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria extínguese para reordenarse no seu momento en dúas novas consellerías tras a aprobación do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (19) A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (20) A Consellería de Cultura e Turismo extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (21) A Consellería de Cultura, Educación e Universidade cambiou de denominación tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasou a denominarse Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a cal se extingue tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (22) A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (23) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (24) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (25) A Consellería de Política Social cambiou de denominación tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasou a denominarse Consellería de Política Social e Xuventude, a cal se extingue tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (26) A Consellería de Política Social e Xuventude extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura

orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(27) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(28) A Consellería de Emprego e Igualdade cambiou de denominación tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasou a denominarse Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a cal se extingue tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.


(29) A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(30) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Por departamentos competentes para resolver as solicitudes de información pública, cómpre indicar que en cómputo global do período 2016-2024 o maior número de solicitudes foi recibido na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: 1.295 (17,58 %), seguida da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 1.130 (15,34 %); Consellería do Mar: 754 (10,24 %); Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: 597 (8,10 %); Consellería de Sanidade: 481 (6,53 %); Consellería do Medio Rural: 426 (5,78 %); Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación: 300 (4,07 %); Consellería de Facenda e Administración Pública: 286 (3,88 %); Presidencia da Xunta de Galicia: 239 (3,24 %); Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación: 211 (2,86 %); Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades: 173 (2,35 %); Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo: 143 (1,94 %); Consellería de Cultura, Educación e Universidade: 137 (1,86 %); Consellería de Cultura e Turismo: 126 (1,71 %); Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: 119 (1,62 %); Consellería de Economía, Emprego e Industria: 113 (1,53 %); Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 105 (1,43 %); Consellería de Política Social: 92 (1,25 %); Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: 69 (0,94 %); Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: 63 (0,86 %); Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 54 (0,73 %);


Consellería de Facenda: 53 (0,72 %); Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas: 53 (0,72 %); Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional: 53 (0,72 %); Consellería de Economía, Industria e Innovación: 48 (0,65 %); Consellería de Economía e Industria: 48 (0,65 %); Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 46 (0,62 %); Consellería de Política Social e Xuventude: 39 (0,53 %); Consellería de Emprego e Igualdade: 29 (0,39 %); Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: 25 (0,34 %); Consellería de Política Social e Igualdade: 21 (0,29 %); Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: 15 (0,20 %); Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: 13 (0,18 %); Consellería de Emprego, Comercio e Emigración: 10 (0,14 %).

Evolución global das solicitudes presentadas:




Evolución das solicitudes presentadas por departamentos:


Presidencia da Xunta de Galicia




**Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza**




**Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia,
Xustiza e Turismo**




**Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía,
Empresa e Innovación**






**Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía,
Industria e Innovación**




**Vicepresidencia segunda e Consellería de
Presidencia, Xustiza e Deportes**




**Vicepresidencia primeira e Consellería de
Presidencia, Xustiza e Deportes****Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio
Ambiente, Territorio e Vivenda****Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**


Consellería de Facenda




Consellería de Facenda e Administración Pública




Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda




Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático




Consellería de Infraestruturas e Mobilidade




Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas




Consellería de Economía, Emprego e Industria




Consellería de Economía, Industria e Innovación




Consellería de Economía e Industria




Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional




Consellería de Cultura e Turismo




Consellería de Cultura, Educación e Universidade**Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades****Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**


Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude




Consellería de Política Social




Consellería de Política Social e Xuventude



Consellería de Política Social e Igualdade



Consellería de Sanidade




Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade




Consellería de Emprego, Comercio e Emigración



Consellería do Medio Rural




Consellería do Mar



Forma de presentación:

FORMA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO									
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Acceso electrónico	88	626	572	593	965	1.269	610	611	690	6.024
Acceso en papel	145	170	151	153	112	120	232	154	105	1.342
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	7.366

Solicitudes segundo a súa forma de presentación




Do total das 7.366 solicitudes cómpre salientar que o 81,78% foron presentadas por medios electrónicos.

En concreto, no ano 2024, das 795 solicitudes recibidas, máis do 85% (86,79 %) foron presentadas de xeito electrónico, polo que se pon de manifesto a clara preferencia da cidadanía pola utilización desta canle nas súas relacións coa Administración.

Segundo a persoa solicitante de información:

PERSONA SOLICITANTE	NÚMERO									
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Mulleres	45	63	133	139	232	328	233	250	216	1.639
Homes	133	183	214	291	375	517	339	307	329	2.688
Persoas xurídicas	55	550	376	316	470	544	270	208	250	3.039
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	7.366

Solicitudes segundo a persoa solicitante da información




Do total das 7.366 solicitudes preto da metade, o 41,26 %, foron presentadas por persoas xurídicas.

En concreto, no ano 2024 as porcentaxes foron as seguintes: mulleres 27,17 %, homes 41,38 % e persoas xurídicas 31,45 %.

Número de resolucións segundo a súa tipoloxía:

TIPO DE RESOLUCIÓN	NÚMERO									
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Concesión	156	707	543	487	590	1.030	425	345	399	4.682
Concesión parcial	7	9	1	14	20	29	26	99	29	234
Inadmisión	23	25	25	38	34	55	36	35	35	306
Denegación	4	10	1	4	11	5	6	7	5	53
Desistencia	5	9	9	6	8	10	3	10	5	65
Outras (regulación especial)	3	2	28	29	170	0	25	43	20	320
TOTAL	198	762	607	578	833	1.129	521	539	493	5.660



Do total de 7.366 solicitudes presentadas no sector público autonómico de Galicia, 5.660 foron xa resoltas, o que supón o 76,84%.

En concreto, no ano 2024 foron resoltas 493 das solicitudes presentadas, o que supón o 62,01% das solicitudes.

Das solicitudes resoltas, 4.682 foron estimadas permitindo o acceso total á información solicitada.

En 234 supostos resolveuse conceder o acceso de xeito parcial á información, e en 306 supostos o dito acceso foi inadmitido por algún dos seguintes motivos previstos no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro:

- Por referirse a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.
- Por referirse a información que teña carácter auxiliar ou de apoio.

- Relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.
- Dirixidas a un órgano en cuxo poder non conste a información, cando se descoñeza o competente.
- Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Do total de peticións de información, 53 foron desestimadas con base nos motivos previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro:

- A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.
- A igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva.
- Os intereses económicos e comerciais.
- O segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial.
- Protección de datos de carácter persoal.


En canto ás desistencias, estas ascenden a un total de 65, 5 no ano 2016, 9 no ano 2017, 9 no ano 2018, 6 no ano 2019, 8 no ano 2020, 10 no ano 2021, 3 no ano 2022, 10 no ano 2023, e 5 no ano 2024.

Número de expedientes segundo o seu estado de tramitación:

En canto ao seu estado de tramitación, a situación é a seguinte:

ESTADO DE TRAMITACIÓN	NÚMERO									
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Expedientes finalizados (resolución expresa)	198	762	607	578	833	1.129	521	539	493	5.660
Expedientes en tramitación	1	19	82	136	236	256	83	29	38	880
Expedientes resoltos por silencio administrativo	34	15	34	32	8	4	238	197	264	826
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	7.366

Expedientes segundo o seu estado de tramitación



Tipo de información solicitada:

A información solicitada é de distinta natureza e pode clasificarse nas seguintes áreas temáticas:

TIPO DE INFORMACIÓN	NÚMERO									
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Información institucional, organizativa e de planificación	20	13	28	56	62	66	23	15	30	313
Información sobre relacións coa cidadanía	1	5	4	6	12	6	36	22	9	101
Información de relevancia xurídica	30	22	7	7	1	7	11	8	9	102
Información en materia de persoal	38	22	13	26	27	53	105	128	54	466
Retribucións de altos cargos	0	1	0	0	1	0	0	0	0	2
Retribucións de funcionarios	0	0	1	0	0	0	0	0	1	2
Información económica, estatística e orzamentaria	8	10	31	54	48	81	97	101	159	589
Información en materia patrimonial	1	17	10	4	6	1	13	9	38	99
Información en materia de contratación pública	14	21	33	15	13	45	72	61	42	316
Información sobre convenios	6	10	8	8	6	9	10	7	10	74
Información sobre encomendas de xestión	0	0	1	1	0	0	1	0	0	3
Información sobre subvencións e axudas	16	23	72	68	53	52	19	15	19	337
Información sobre ordenación do territorio e do medio ambiente	44	62	160	266	553	725	277	186	110	2.383
Información en materia de xogo	0	531	0	70	71	21	0	0	5	698
Bo Goberno (relativa ás materias do título II Lei 1/2016)	0	0	3	3	1	1	0	0	1	9
Outra información	55	59	352	162	223	322	178	213	308	1.872
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	7.366